

agroseguro

AGRUPACIÓN ESPAÑOLA DE ENTIDADES ASEGURADORAS
DE LOS SEGUROS AGRARIOS COMBINADOS, S. A.

Gobelas, 23 Tel. 91 837 32 00 28023 Madrid (ESPAÑA)



SEGUROS DE MOLUSCOS BIVALVOS CONDICIÓN XERAIS

O tomador en representación dos seus asegurados, no caso de declaracións de seguros colectivos, e o asegurado, no caso de declaracións de seguro individual, subscriben este condicionado e aceptan especificamente as súas condicións limitativas, que aparecen salientadas en negra, e reciben neste acto cadansúa copia.

APELIDOS E NOME OU DENOMINACIÓN SOCIAL DO TOMADOR

Ref. do seguro colectivo
ou ref. do seguro
individual

 -

CIF OU NIF

..... de

O tomador do seguro ou o asegurado
SINATURA E SELO

PRIMEIRA - MARCO LEGAL

O presente contrato de seguro réxese pola Lei 87/1978, do 28 de decembro, de seguros agrarios combinados, polo Regulamento aprobado polo Real decreto 2329/1979, do 14 de setembro, e polo disposto nas presentes condicións xerais, e tamén nas especiais e particulares, se as houbese, que sexan de aplicación en cada un dos plans de seguros agrarios na modalidade de seguro acuícola. As disposicións da Lei de contrato de seguro 50/1980 aplicaranse con carácter supletorio. Non requirirán aceptación expresa as simples transcricións ou referencias a preceptos legais.

SEGUNDA - DEFINICIÓNS

Para os efectos deste seguro, enténdese por:

"ASEGURADO": É a persoa física ou xurídica, titular do interese obxecto do seguro a quen lle corresponden os dereitos derivados do contrato e as obrigas que, pola súa natureza, lle sexan propias, e que en defecto do tomador asume as obrigas e deberes que lle corresponden a este.

"ASEGURADOR": É a persoa xurídica que asume o risco contractualmente pactado. Este seguro agrario combinado efectúase en réxime de coaseguro polas entidades integradas na Agrupación Española de Entidades Aseguradoras dos Seguros Agrarios Combinados, S.A. (en diante, AGROSEGURO), que é a administradora do seguro e, en canto a este, representa todas e cada unha das entidades.

"BENEFICIARIO": É a persoa física ou xurídica que, despois da cesión por parte do asegurado, resulta titular do dereito á indemnización.

"CAPITAL ASEGURADO": É a suma asegurada ou cantidade fixada en cada unha das partidas da póliza que constitúe o límite máximo de indemnización que ten que pagar por todos os conceptos Agroseguro para todos os sinistros indemnizables. Estará fixada tomando como base o valor de produción calculado na forma prevista nas condicións do seguro. Sobre o valor da produción obxecto do seguro aplicarase a porcentaxe de cobertura determinada nas condicións especiais e o resultado será o capital ou a suma asegurada.

"CARENCIA": O período de tempo que debe transcorrer desde o momento da entrada en vigor do seguro ata a toma de efecto da cobertura dos riscos subscritos.

"COBERTURAS PARTICULARES": Excepcionalmente e para explotacións con características especiais ou para estudos de novas coberturas, as condicións especiais poderán prever casos de aplicación de coberturas particulares, mediante un pacto expreso entre as partes. Estas coberturas inclúense nas correspondentes condicións particulares que deberán ser previamente coñecidas pola Dirección Xeral de Seguros e pola Entidade Estatal de Seguros Agrarios, que precisarán, á medida das circunstancias concretas, os límites de garantías, os riscos cubertos, as exclusións e demais asuntos que sexan precisos.

"DECLARACIÓN DE SEGURO COLECTIVO": É o documento suscrito polo asegurador e polo tomador dun seguro colectivo en por si e no nome dos seus asociados no que se establecen os recíprocos dereitos e obrigas.

"DECLARACIÓN DE SEGURO": É o documento suscrito polo tomador, mediante o que solicita a inclusión nas garantías do seguro das existencias de moluscos bivalvos que, de modo concreto, sinale. A declaración poderá ser, segundo o tipo de subscrición:

" DECLARACION DE SEGURO INDIVIDUAL": A declaración na que é o propio titular da explotación de moluscos bivalvos quen contrata o seu aseguramento, quen figurará ademais naquela en calidade de asegurado.

"APLICACIÓN A SEGURO COLECTIVO": A declaración, mediante a que un asociado da persoa xurídica que actúa como tomador dun seguro colectivo inclúe neste, en calidade de asegurado, as existencias de moluscos bivalvos das que é titular.

"DESCUBERTO OBRIGATORIO": A parte do risco que o asegurado está obrigado a manter ao seu cargo, cando o seguro non cubra enteiramente o interese asegurable. A porcentaxe de descuberto farase constar, para cada tipo de risco, nas condicións especiais de cada seguro.

"FRANQUÍA": A cantidade ou porcentaxe sobre a contía dos danos indemnizables ou do valor de produción que en cada sinistro quedará a cargo do asegurado, segundo o que se estableza nas condicións especiais.

"PÓLIZA": Conxunto de documentos que conteñen as condicións reguladoras do seguro, formando parte delas estas condicións xerais, as especiais de cada seguro, as particulares que se engaden, de ser o caso, a declaración de seguro individual ou colectivo e aplicacións desta última.

"PRIMA": É o prezo do seguro. O recibo conterá, ademais, as recargas e impostos que sexan de legal aplicación e indicará a parte a cargo do tomador do seguro, o importe da subvención do Estado e, de ser o caso, os descontos, bonificacións e recargas.

PRODUCCIÓN ASEGURABLES: Son asegurables, mentres se encontren dentro do ámbito de aplicación do seguro, as existencias de moluscos bivalvos que constitúan o fin económico dun establecemento de cultivo acuícola sempre e cando este cumpra todos os requisitos mínimos de seguranza e as condicións técnicas mínimas de cultivo ou manexo definidos polo Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente. En calquera caso, é condición indispensable que, no momento da subscrición do seguro, non aparecese o sinistro nin que este sexa inminente.

Se durante o período de vixencia do seguro se incumprisen algúns dos requisitos mínimos de aseguramento, o tomador do seguro ou o asegurado deberá comunicarlle a **AGROSEGURO**, de maneira urxente, esa circunstancia, e as garantías quedarán, en parte ou totalmente, en suspenso mentres as anomalías non se resolvan.

"SINIESTRO": O feito que constitúe a realización do risco, nas condicións, cos límites e coas circunstancias previstos no contrato.

"TOMADOR DO SEGURO": É a persoa física ou xurídica que pacta e subscribe o contrato de seguro e asume as obrigas que deste contrato deriven, agás aquelas que pola súa natureza deban ser cumpridas polo asegurado.

TERCEIRA - OBXECTO DO SEGURO

Co límite, en cada caso, do capital asegurado que corresponda, o seguro ten por obxecto a cobertura dos intereses asegurados na forma e contra os riscos previstos nas condicións especiais e condicións particulares que, de ser o caso, se contratasen.

CUARTA - EXCLUSIÓNS

Quedan sempre excluídos das garantías do seguro os seguintes feitos:

- 1.- **A desnutrición acusada ou a falta de desenvolvemento dos animais asegurados, a intoxicación alimentaria, o seu roubo, extravío, abandono, furto e tamén calquera consecuencia dos feitos sinalados.**
- 2.- **Efectos mecánicos, térmicos e radioactivos debidos a reaccións ou transmutacións nucleares, calquera que sexa a causa que as produza.**
- 3.- **Ordes de calquera autoridade competente que obriguen á destrución das existencias.**
- 4.- **Actos políticos, sociais ou sobrevidos con ocasión de alborotos populares, motíns, folgas, disturbios internos e sabotaxes, ademais dos danos ocasionados como consecuencia de actos ou accións terroristas.**
- 5.- **Guerra civil ou internacional dentro do país, na que mediase ou non unha declaración oficial, levantamentos populares ou militares, insurrección, rebelión, revolución ou operacións bélicas de calquera clase.**
- 6.- **Os sinistros que, pola súa extensión e importancia, o Goberno cualifique como catástrofe ou calamidade nacional.**
- 7.- **Calquera dos riscos garantidos, manifestados ou acontecidos con anterioridade á contratación do seguro ou durante o período de carencia.**
- 8.- **Os feitos e riscos excluídos nas condicións especiais para cada unha das garantías, ademais dos que se determinen nas condicións particulares, se as houbese.**
- 9.- **Os provocados pola mala fe do asegurado ou por infracción de preceptos e instrucións ditados por autoridades e organismos competentes.**

Igualmente, quedan excluídos das garantías os gastos de visita do técnico competente e de reflotación, agás aqueles que expresamente se determinen nas condicións especiais.

QUINTA - ÁMBITO DE APLICACIÓN E LÍMITE DAS GARANTÍAS

O ámbito de aplicación do seguro comprende os animais que sexan asegurables, situados en establecementos de cultivo acuícola que cumpran os requisitos mínimos de aseguramento e as condicións técnicas mínimas de explotación e manexo correspondentes, e que estean situados no territorio determinado nas condicións especiais.

O seguro unicamente cobre os animais asegurados mentres estes estean dentro dos límites xeográficos do establecemento de cultivo acuícola, definidos polo propio asegurado na declaración de seguro.

SEXTA - FORMALIZACIÓN DA DECLARACIÓN E ENTRADA EN VIGOR DO SEGURO, PAGAMENTO DA PRIMA E PERÍODO DE GARANTÍA

O tomador do seguro ou o asegurado **deberá incluír na declaración de seguro todos os animais asegurables de igual clase que posúa no ámbito de aplicación. A formalización da declaración de seguro deberá realizarse dentro dos prazos establecidos polo Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente.**

A perfección do contrato e a entrada en vigor do seguro iníciase ás cero horas do día no que o tomador do seguro pague a prima e sempre que previa ou simultaneamente se formalizase a declaración de seguro.

Carecerán de validez e non producirán efecto ningún as declaracións de seguro cuxa prima non fose pagada polo tomador do seguro, ou ben fose pagada fóra dos prazos establecidos polo Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente.

Igualmente, e aínda que a prima fose pagada, carecerá de validez e non producirá efecto ningún, que non sexa a devolución desta prima, a declaración de seguro subscrita polo debedor do total ou parte do recibo ou recibos de primas correspondentes á regularización económica de anteriores declaracións ou que ampare intereses pertencentes a estes.

A obriga do pagamento da prima, comprendidos os impostos e recargas legalmente establecidas ou que se establezan, corresponderalle ao tomador do seguro, e debe realizarse, ao contado, na forma establecida nas condicións especiais.

Nos contratos de subscrición colectiva, a obriga do pagamento da prima única correspóndelle, así mesmo, ao tomador do seguro, quen a medida que vaia incluíndo como asegurados os seus asociados no seguro colectivo, subscibindo para o efecto as oportunas aplicacións, irá facendo efectiva a parte de prima correspondente a estes, na forma en que se determine nas condicións especiais.

O asegurador non poderá rexeitar o cumprimento por parte do asegurado das obrigas e deberes que lle correspondan ao tomador do seguro.

En ningún caso se entenderá realizado o pagamento cando este lle sexa efectuado directamente ao axente de seguros.

Nas condicións especiais determinaranse as datas de inicio e fin do período de garantías. En ningún caso este poderá comezar antes da toma de efecto, unha vez transcorrido o período de carencia.

SÉTIMA - OBRIGAS DO TOMADOR DO SEGURO OU ASEGURADO

O tomador do seguro e, de ser o caso, o asegurado ou beneficiario están obrigados:

1. **A asegurar todos os animais de igual clase que posúa dentro do ámbito de aplicación** do seguro, agás casos debidamente xustificadas.
2. **Ao pagamento do importe da prima correspondente.**
3. **A cumprir as condicións técnicas de manexo que se establezan en cada caso**, e tamén empregar os medios preventivos e técnicos de explotación axeitados.
4. **A declarar o interese lexítimo que posúe nas existencias aseguradas, que se encontran sen danos ou enfermidades previas á contratación da póliza, que a localización é a declarada, ademais de todas aquelas circunstancias que inflúan na valoración do risco segundo o cuestionario ao que se sometan.**
5. **A permitirlle e facilitarlle a AGROSEGURO a inspección e taxación das existencias aseguradas en calquera momento** polo técnico designado, e **proporcionarlle todos os detalles e a información** necesarios para a debida apreciación de todas as circunstancias de interese para o seguro.

Tamén deberá facilitárselle á Entidade Estatal de Seguros Agrarios, cando se lle solicite, a documentación oficial dispoñible relativa ás existencias aseguradas.
6. **A xustificar a recepción, asinando conforme ou non conforme, das actas de inspección** que con ocasión destas se lle presenten. Se unha vez comunicado o contido ao asegurado ou representante, **estes non a asinasen transcorridas 48 horas, entenderase que aceptan integramente o seu contido.**
7. **A comunicarlle a AGROSEGURO, tan pronto como lle sexa posible, todas as circunstancias que poidan afectar o risco descrito na declaración do seguro.**

O incumprimento das obrigas 1ª e 2ª, e tamén da obriga 5ª, cando impida a axeitada valoración do risco, dará lugar a que AGROSEGURO quede liberado da obriga de indemnizar.

O incumprimento das obrigas 3^a, 4^a e 7^a daralle dereito a AGROSEGURO a reducir a súa prestación na proporción oportuna, tendo en conta o grao de culpa do asegurado e a importancia dos danos derivados do citado incumprimento, cando fose observado con ocasión da tramitación dun sinistro ou, de ser o caso, a axustar o importe da indemnización, reducíndoa proporcionalmente á diferenza entre a prima pagada e a que correspondería aplicar de acordo coa verdadeira entidade do risco. Se mediase dolo ou culpa grave do tomador ou asegurado, AGROSEGURO quedará liberado do pagamento da prestación.

En calquera caso, o incumprimento das obrigas sinaladas nesta condición poderá dar lugar á reclamación por parte de AGROSEGURO dos danos e perdas que procedan.

As declaracións intencionadamente falsas, formuladas polo tomador do seguro ou polo asegurado, liberan a AGROSEGURO do pagamento da indemnización que lle puidese corresponder.

SINISTROS, COMUNICACIÓN, TAXACIÓN E PAGAMENTO DAS INDEMNIZACIÓNS

OITAVA. NOTIFICACIÓN DE INCIDENCIAS

Cando un establecemento de cultivo acuícola estea afectado por algún dos riscos cubertos pola póliza, o tomador do seguro, asegurado ou beneficiario **deberá comunicarllo a AGROSEGURO nos prazos que se indiquen no condicionado especial do seguro e nos impresos establecidos para tal efecto.**

En canto á conservación de mostras testemuñais, observarase o disposto nas condicións especiais.

O incumprimento da obriga de deixar esas mostras testemuñais por parte do asegurado suporá a perda do dereito á indemnización. Para este fin farase constar na acta de taxación.

NOVENA - DECLARACIÓN DE SINISTRO

Unha vez realizada no tempo e na forma a comunicación urxente, o tomador do seguro ou o asegurado remitiralle a AGROSEGURO o correspondente impreso de declaración de sinistro.

A declaración de sinistro **deberá cubrirse en todos os seus apartados e remitirse por calquera medio que deixe constancia, no prazo de 7 días contados desde o día do coñecemento do sinistro.**

DÉCIMA - AVALIACIÓN DOS DANOS

Para a determinación do dano atenderase ao valor do interese asegurado no momento inmediatamente anterior ao acontecemento do sinistro.

Conforme o artigo 25 do Regulamento, AGROSEGURO procederá á inspección inmediata dos danos a partir da recepción da notificación do sinistro. Non obstante, se a natureza e desenvolvemento do sinistro ou riscos cubertos o aconsellasen, poderá demorar a valoración final de danos ata o momento previo á finalización das garantías. Neste caso o asegurador xustificará a recepción, indicando se vai efectuar a estimación dos danos, que deberán documentar e asinar as dúas partes, e incorporarse ao expediente de sinistro.

O asegurado está obrigado a prestar aos bens sinistrados, ata que se verifique o recoñecemento pericial, todos os coidados habituais, velando pola súa conservación e empregando todos os medios ao seu alcance para salvar e conservar os produtos asegurados, nos termos que se fixen nas condicións especiais.

A taxación dos danos efectuarase de común acordo entre AGROSEGURO e o asegurado. Se se produce disenso, procederase á designación de peritos, conforme o disposto na condición décimo primeira destas condicións xerais.

O tomador do seguro ou o asegurado está obrigado a asinar as actas de taxación que se lle presenten con ocasión da valoración dos danos, conforme, se así o estivese, ou non conforme, se disentise dela. Se confecciona a acta o perito designado por AGROSEGURO e se lle comunica ao asegurado ou ao seu representante, e estes non a asinan, ben de conformidade ou desconformidade, transcorridas 48 horas, entenderase que aceptan a taxación efectuada polo perito designado por AGROSEGURO. Adquirirá firmeza, polo tanto, a acta redactada.

Se o asegurado ou o tomador do seguro delegase en calquera outra persoa para amosar o establecemento de cultivo acuícola, valorar os danos ou asinar as actas de taxación, deberán prover o correspondente representante dun mandato expreso redactado por escrito no que se expresen a identidade deste último e a súa relación ou parentesco co representado. O representante proporcionaralle ao técnico designado por AGROSEGURO no momento da valoración dos danos o orixinal do mandato escrito ou a copia co fin de incorporalo á correspondente acta.

En caso contrario, e se non consta doutro xeito a autenticidade e a calidade da representación, entenderase que o tomador do seguro ou o asegurado non comparecen.

DÉCIMO PRIMEIRA - DESIGNACIÓN DE PERITOS

En caso de non lograrse o acordo amigable dentro do prazo de corenta días, contados a partir da data de recepción por AGROSEGURO da declaración de sinistro, salvo imposibilidade da cuantificación dos danos nese momento, cada parte designará un perito, e deberá constar a aceptación destes.

Unha vez designado un perito e aceptada a misión, non poderá renunciar a ela. En caso de sinistro que afecte intereses amparados por declaracións de seguro colectivo, o tomador do seguro poderá designar perito que o represente na taxación dos danos. **As decisións que adopten os peritos obrigan, neste caso, o tomador e os asegurados por el representados.** O tomador do seguro deberá nomear tantos peritos como interveñan por parte de AGROSEGURO ou aceptar a taxación realizada polos peritos deste.

Se unha das partes non fixese a designación, estaría obrigada a realizala nos oito días seguintes á data na que fose requirida pola que designase o seu; e de non facelo neste último prazo, **entenderase que acepta o ditame que emita o perito da outra parte, e queda vinculada por este.**

Se non hai acordo entre os peritos, as partes designarán un terceiro e os tres obrarán en común, tras o que resolverán por maioría de votos. No caso de disentir na elección do terceiro perito, farano constar na acta e procederá entón á súa designación o xuíz de primeira instancia do partido xudicial no que radiquen as explotacións aseguradas en acto de xurisdición voluntaria e polos trámites previstos para o sorteo de peritos na Lei de axuizamento civil.

O ditame pericial conxunto emitirase no prazo acordado polas partes ou , no seu defecto, nos 30 días a partir da aceptación da designación polo terceiro perito.

O ditame dos peritos, por unanimidade ou por maioría, notificarase ás partes de maneira inmediata e de forma indubidable, e será vinculante para estas, salvo que se impugne xudicialmente, dentro do prazo de 30 días, no caso de AGROSEGURO, e de 180, no do asegurado, computados os dous desde a data da súa notificación. Se non se interpuxese nestes prazos a correspondente acción, o ditame pericial devirá inatacable.

Se o ditame pericial fose impugnado, AGROSEGURO deberá aboar o importe mínimo do que poida deber, segundo as circunstancias por el coñecidas, e se non o fose aboará o importe da indemnización sinalado polos peritos nun prazo de cinco días.

GASTOS DE TAXACIÓN:

Os gastos periciais correspondentes á taxación que se realizará tras a comunicación do sinistro serán por conta de AGROSEGURO, **salvo os necesarios, de ser o caso, para o acceso marítimo que polo medio idóneo deba facerse á explotación, que o serán do tomador ou asegurado.**

Non obstante, **se pola incomparecencia ou negativa a amosar a explotación, o tomador do seguro, o asegurado ou o seu representante imposibilitasen unha primeira peritaxe, obrigando á súa repetición, os correspondentes gastos periciais da primeira visita serán ao seu cargo.**

No caso de designación de peritos, cada parte aboará os gastos e honorarios do seu. Os do terceiro perito e demais gastos que ocasione a taxación pericial colexiada pagaranse á metade entre o asegurado e AGROSEGURO. Se calquera das partes fixese necesaria esta peritaxe por manter unha valoración de danos moi desproporcionada, será ela a única responsable destes gastos.

DÉCIMO SEGUNDA - CÁLCULO DA INDEMNIZACIÓN

No caso de sinistro indemnizable, determinarase o importe da indemnización de acordo co seguinte procedemento:

- a) Valor das existencias antes do sinistro, valoración das existencias finais e porcentaxe de danos en función das causas produtoras e das garantías establecidas nas condicións especiais do seguro.
- b) Estimación do posible salvamento.
- c) Importe dos gastos excepcionais realizados para a limitación dos danos ou salvamento das existencias, levados para o efecto de acordo coas normas que para iso fixasen os peritos.

Nas actas de taxación de danos consignarase o resultado das comprobacións realizadas verbo das seguintes cuestións:

- a) Data do sinistro e as súas causas.
- b) Identificación e comprobación do establecemento de cultivo acuícola sinistrado co asegurado.
- c) Cumprimento por parte do asegurado da obriga de asegurar todas as producións de igual clase que posúa no ámbito de aplicación, salvo casos debidamente xustificadas.
- d) Aplicación das condicións técnicas mínimas de explotación e manexo fixadas.
- e) Emprego dos medios de loita preventiva.
- f) Aplicación das medidas de salvamento que se acordasen na estimación inicial dos danos.
- g) Cuantificación dos danos e determinación da indemnización, segundo se determine nas condicións especiais.

DÉCIMO TERCEIRA - PAGAMENTO DA INDEMNIZACIÓN

As indemnizacións polos sinistros acontecidos nos establecementos de cultivo acuícola deberanlle ser pagadas ao asegurado ou, de ser o caso, ao beneficiario dentro dos 60 días seguintes á data establecida polo Ministerio de **Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente** para a finalización das garantías, e non poderá percibir o asegurado máis dunha soa indemnización por todos os sinistros acontecidos no seu establecemento ou explotación, como suma dos correspondentes danos sufridos.

Se, fixado o importe líquido da indemnización, transcorre o prazo sinalado no primeiro parágrafo desta condición e AGROSEGURO non fixese efectiva a indemnización por causa non xustificada que lle fose imputable, esta incrementarase no xuro anual igual ao xuro legal do diñeiro vixente no momento no que se devindique incrementado no 50 %. Será termo inicial do cómputo de xuros a data de finalización dese prazo.

Nas pólizas colectivas as indemnizacións que lles correspondan aos seus asegurados poderán ser satisfeitas a través do tomador do seguro.

DÉCIMO CUARTA - GASTOS DE SALVAMENTO

Terán a condición de gastos da salvamento os que se orixinen despois da inspección de taxación de AGROSEGURO e sempre que sexan ordenados por ela, en relación coa conservación e supervivencia das existencias.

En ningún caso a suma que terá que percibir o asegurado por estas actuacións e a indemnización polo sinistro poderá superar o capital asegurado correspondente ao establecemento de cultivo acuícola.

DÉCIMO QUINTA - DESIGNACIÓN DE BENEFICIARIOS, ARBITRAXE DE EQUIDADE

O asegurado poderá designar beneficiario con dereito a percibir a indemnización que lle corresponda como consecuencia do seguro.

Cando se trate dun seguro esixido para a concesión dun crédito oficial, notificaráselle tal circunstancia a AGROSEGURO e serán beneficiarios os organismos ou as entidades que o concedesen, de forma que, no caso de sinistro, a indemnización lle sexa aplicada, en primeiro lugar, ao reintegro das anualidades do crédito pendente de amortizar.

A Entidade Estatal de Seguros Agrarios actuará como árbitro de equidade en cantas cuestións poidan xurdir derivadas deste seguro e que sexan sometidas expresamente á súa decisión arbitral, por acordo das partes.

DÉCIMO SEXTA - SUBROGACIÓN DE AGROSEGURO

AGROSEGURO, unha vez pagada a indemnización que lle corresponda, poderá exercer os dereitos e as accións que, por razón do sinistro, lle correspondan ao asegurado fronte ás persoas responsables do sinistro, na forma e límites previstos nas disposicións legais que sexan de aplicación.

Para este fin, o asegurado facilitaralles toda a información que posúa do sinistro e destas persoas, respondendo dos danos e perdas que a Agroseguro irroque o incumprimento do seu deber de información.

DÉCIMO SÉTIMA - PRESCRICIÓN

As accións que deriven deste contrato de seguro prescribirán **no termo de dous anos, que comezarán a contar desde o día no que puideron exercerse, conforme o disposto no artigo 942 e seguintes do Código de comercio.**

DÉCIMO OITAVA - XURISDICIÓN

O presente contrato queda sometido á xurisdición española e, dentro dela, será xuíz competente para o coñecemento das accións derivadas del o do domicilio do asegurado, para cuxo efecto este designará un domicilio en España, no caso de que o seu fose no estranxeiro.

DÉCIMO NOVENA - COMUNICACIÓNS

As comunicacións realizadas a Agroseguro por parte do tomador do seguro, asegurado ou beneficiario só terán efecto se se realizan directamente no seu domicilio social en MADRID.

As comunicacións de Agroseguro ao tomador do seguro, ao asegurado ou ao beneficiario realizaranse no domicilio destes recollidos na póliza ou no que notificasen no caso de cambio.

As comunicacións efectuadas por un corredor de seguros a Agroseguro no nome do tomador do seguro ou asegurado producirán os mesmos efectos que se as realizase o propio tomador do seguro ou asegurado, salvo indicación contraria destes.

VIXÉSIMA - INFORMACIÓN AO TOMADOR

O tomador e o asegurado quedan informados de que o control da actividade aseguradora lle corresponde ao Reino de España a través da Dirección Xeral de Seguros do Ministerio de Economía e Facenda, e da posibilidade do titular do interese asegurado de formular a súa reclamación ante o servizo de reclamacións de Agroseguro (c/ Gobelos 23, 28023 Madrid) e, de non conformarse coa resposta deste último, reproducila ante o defensor do asegurado (d.a. Defensor, c/ Velázquez 80, 1º D, 28001 Madrid), se versa sobre os supostos establecidos no seu regulamento de actuación, depositado na Dirección Xeral de Seguros, e á súa disposición nas oficinas de Agroseguro.